



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2010 09:30
Nº Rexistro: 21788
Data envío: 01/02/2010 18:34:59.387

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, relativa ás razóns que levan á exclusión sistemática da lingua galega nas intervencións públicas dos cargos públicos da Xunta de Galiza.

O 21 de setembro de 2004 o Pleno do Parlamento de Galiza aprobou por unanimidade o Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG) e as súas resolucións. Unha delas establece literalmente:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza para que adopte no ámbito das súas competencias as medidas tendentes a que os seus cargos públicos e os dos organismos e entes autonómicos, sociedades públicas e institucións dela dependentes fagan uso público, tanto oral como escrito de xeito sistemático da lingua galega no desempeño da súa responsabilidade pública”.

En concordancia con este precepto, a Lei 4/2006, do 30 de Xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, determina no seu artigo 15 (principios de actuación), en relación cos membros do goberno, secretarías e secretarios xerais, directoras e directores xerais e cargos asimilados, delegadas e delegados e representantes do Goberno galego nos entes con personalidade xurídica pública, ás presidentas e presidentes, directoras e directores xerais e asimilados dos organismos autónomos, ás delegadas e delegados provinciais e territoriais dos departamentos da Xunta de Galiza, ao persoal eventual que exerza funcións de confianza e asesoramento especial, a calquera cargo das entidades de dereito público



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

vinculadas ou dependentes da Xunta, empresas públicas, sociedades ou fundacións participadas pola Xunta, etc, o seguinte:

“Usarán normalmente o galego, oralmente e por escrito, nas relacións coa cidadanía”.

Porén, e tras só uns meses de andadura do Goberno do Partido Popular, xa é posíbel comprobar como se exclúe o galego (vulnerando a legalidade vixente e o consenso lingüístico do PXNLG) en reiteradas intervencións públicas por parte de membros do Goberno e altos cargos da administración. O propio Presidente da Xunta, a Conselleira de Facenda, o Conselleiro de Cultura e Turismo, a Conselleira de Traballo e Benestar, a Conselleira do Mar, e de xeito ben redundante a Conselleira de Sanidade e o Conselleiro de Economía e Industria, utilizan de xeito público o español nas súas intervencións, isto é, no desempeño da súa responsabilidade política. Do mesmo xeito, numerosos directores xerais, delegados territoriais, e altos cargos en diferentes esferas da administración galega.

O establecido na Lei 4/2006, e no PXNLG, en referencia co comportamento lingüístico dos altos cargos da Xunta non pretende conculcar a liberdade individual de ninguén. Nada máis lonxe da realidade. É xustamente o contrario: a razón ten a ver coa evidente necesidade de dignificar e prestixiar o uso social da lingua. E neste contexto, os e as responsábeis políticos convértense en referentes sociais, neste caso tamén en canto a usos lingüísticos. Non é indiferente para a saúde do noso idioma o compromiso público que se adopte, en relación coa lingua galega, por parte dos responsábeis políticos deste goberno.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza


E malia á retórica literariaedulcorada con doses de “galeguismo integrador”, a realidade é ben teimuda. Incrementábase o uso do español (coa conseguinte exclusión do galego) en documentos escritos de carácter oficial, así como a súa utilización oral en conferencias de prensa, entrevistas, actos públicos, presentación de accións de goberno, e no propio Parlamento galego. Exemplo que é seguido de xeito paifoco por deputadas e deputados do Partido Popular na Cámara e, fóra dela, en intervencións públicas.

Cumpre sinalar que feitos lamentábeis como os descritos acadan o seu paroxismo desde que un programa dunha emisora radiofónica estatal dependente da Conferencia Episcopal Española, se demanda do PP na Galiza maior compromiso (aínda maior) coa unidade de España, a defensa do español, e o combate ao “separatismo”. Dito e feito. Temos agora un goberno que, fidel ás ordes recibidas de Madrid, non ten problema en dinamitar os consensos lingüísticos e conculcar a legalidade a fin de agradar aos seus amos políticos e ideolóxicos.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte Interpelación, dirixida ao Conselleiro de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza:

1.- Por que razóns hai numerosos membros do Goberno e altos cargos da administración que incumpren o establecido no PXNLG e na Lei 4/2006, no tocante ao uso do galego?

2.- Que responsabilidades se derivan destes feitos?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2010 09:30
Nº Rexistro: 21788
Data envío: 01/02/2010 18:34:59.387

3.^a) Ten previsto o Goberno galego mudar de comportamento lingüístico e, en consecuencia, cumprir a legalidade, os consensos lingüísticos, e daquela, usar o idioma propio de Galiza de xeito oral e escrito no desempeño da súa función pública e nas relacións coa sociedade?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 01/02/2010 18:32:17